

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TURÍSTICA DO CARBALLIÑO, RIBADAVIA, BOBORÁS E LEIRO PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO RIBEIRO-CARBALLIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidad Turística do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidad Turística de Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Carballiño-Ribeiro que inclúe a realización das actuacións das seguintes liñas de acción:

ACCIÓNS	
B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO	
B.1	Deseño, edición e distribución de mapas do Xeodestino
B.2	Asistencia da feiras de promoción turística
D. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO	
D.1	Mantemento web e redes sociais
F. XESTIÓN E COORDINACIÓN	
F.1	Xestión do xeodestino na anualidade 2024

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Que a Mancomunidad Turística do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro é unha entidade local non territorial integrada polos concellos do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro.

Que o xeodestino Ribeiro-Carballiño está composto polos concellos de Amoeiro, A Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cortegada, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, Piñor, Pontedeva, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea, Toén e Vilamarín.

Non obstante, os concellos integrantes desta Mancomunidad son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Ribeiro-Carballiño, polo que todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios do obxecto do convenio.



Dentro das súas competencias reguladas no artigo 3 dos seus estatutos está a de *"información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local dos concellos mancomunados"*.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Ribeiro-Carballiño, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlase na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

A través deste convenio, outórgase á Mancomunidad Turística do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa



convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

